

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO IX — Núm. 211 — 1.º Abril 1925

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Na Cruña, mes 40 ctmos; Fora, trimestre, 1'50 pesetas.
América, trimestre, 2 ptas.—Pagos adiantados.

Redacción e Administración RUA REAL 36 — 1.º
A CRUÑA

D. MANUEL LAGO GONZÁLEZ

Dolorosa impresión nos produxo a sua inesperada morte. Non é a primeira vez que por motivos mais agradabres que o que agora nos obriga a escribir estas tristeiras liñas, temos manifestado canta era a simpatía que nos inspiraba o ilustre arcebispo galego.

Porque nós viamos n'él un constante paldán do rexurdimento de Galicia especialmente no orden literario e artístico.

Sabíamos do seu amor pol-o noso idioma no que ten escrito belas composicións que o conceituaban como un inspirado e exquisito poeta. E non iñorábamos da sua constante protección para canto representase honor ou beneficio para Galicia. Por eso o respetábamos e admirábamos esquecendo outras vestimentas xá que co'as que deixamos citadas abondaban para se facer acreedor ao noso cariño e agradecimento.

Así tamén reloucamos de ledicia cando soupemos da sua elevación a suprema maxistratura da Eirexa galega durante tantos anos orfa d' unha dirección mais en consonancia co' a sua idiosincrasia e características especiais e propias. ¡Pouco tempo desgraciadamente, tivemos a dita de ollar n' aquél posto a quen pol-os seus mé-

ritos facíanos concebir ledas espranzas!

A morte trunca unha vida exemplar na plenitude das suas facultades e no comienzo da cristalización do seu sono dourado.

Deixan os unha obra literaria fondamente galeguista e a lembranza do que foi para Galicia co' a saudade do que poido ser de non se malograr a sua vida agora que moito podía facer dende o elevado posto que ocupaba con dereito indiscutible.

Fordamente apenados choramos a morte do bon galego que fixo do galeguismo un culto.

As rexeneracíós futuras lembrarán sempre con amor o seu recordo e estudando a sua vida e a sua obra, rebosante de amor pol-as cousas da Terra, sentirán a mesma veneración que os galegos sentímos por outros homes que en tempos pasados e ocupando o mesmo posto realizaron labor semellante a que do Sr. Lago González, indiscutiblemente con menos libertade, podiamos agardar.

Galicia está de loito con tan dorosa perda e difícilmente será posibre atopar un dino sustituto do chorado morto.

Reciban os seus familiares a expresión sentidísima do noso profundo sentimento.

DERRADEIRAS VERBAS DO ARCEBISPO

No "Diario de Galicia" de Santiago pubricou un artigo o Dr. Puente Castro que asistiu nos derradeiros momentos ao Sr. Lago González no que di que no momento de morrer pronunciou as seguintes verbas que teñen o significado d' un testamento e son un compendio do grande amor que sentía pol-a Terra que enchia por enteiro o seu pensamento:

¡HAI QUE UNIRSE! ¡HAI QUE DEFENDER A ESTA GALICIA!

A grandeza de pensamento e patriotismo que encerran non precisa de mais glossas.

Queremos que elas fiquen estampadas n' estas galegas páxinas para exemplo das novas xeneracíós e condenación para eantos non souperon ainda se decatar da significación grandiosa que ten a chamada nas concencias da Terra Nai.

Son ao mesmo tempo a mais exacta historia que se pode escribir da vida do gran galego.

LEENDO XORNÁS

Na «Veu de Sabadell» leemos o seguinte comunicado oficial

«En la colecta que a beneficio de nuestros hermanos mutilados por la guerra se celebró el primer domingo de este mes hubo varios grupos, según he sabido, que apostados en las proximidades de la Rambla, recomendaban y coaccionaban a los transeúntes en el sentido de que no se fuera a ella para no ser postulados; muchas señoritas que se habían ofrecido a pedir desistieron de hacerlo por la presión de los mismos elementos, los que por iguales medios procuraron restar concurrencia a la función de beneficio del teatro Principal. Estos elementos separatistas que se han manifestado en esta ocasión, son repugnantes además de por su crueldad en no contribuir a socorrer lágrimas y desgracias e impedir a otros este concurso; a ellos no me digno en proseguir estas dos cesuras con otras pero les haré como final una tercera recordándoles que ideas equivocadas las ha habido siempre, más cuando la idea brota del corazón y es sustentada por hombres, ocurre como en tiempos pasados que es sostenida con valor y bizarría; al faltarle esta condición o no brota del corazón o no es sostenida por hombres y en ambos casos es despreciable. A los que se han dejado coaccionar les diré que si son hombres lo sean más y si son señoritas como también a aquellas señoritas pusilánimes de que antes he hablado, les señalaré a estas damas españolas de la Cruz Roja que allá en tierra africana entre las epidemias y el fuego enemigo hicieron la primera cura a estos desgraciados, que ellas con su timidez les han restado la segunda, una limosna. Pero no todo ha sido como lo relatado; la actitud de estas familias pudentes que pudiendo hacer mucho no han hecho nada, contrasta con la conducta de otras de igual esfera que han hecho más de lo que han podido. Ante aquellas pusilánimes señoritas, se han presentado otras decididas, que con un exceso de labor han compensado la falta de las primeras y sobre todo un sin fin de niñas hijas del pueblo que, como mariposas del bien revoletearon incansables sacando las monedas de sus padres principalmente, a este pueblo a quien debo no haya fracasado la iniciativa más elevada que he tenido en Sabadell, pues fué nuestro consuelo ver pasearse por la Rambla con aquella serenidad que da la satisfacción de un deber cumplido, cientos de hombres que por su vestir y el aspecto delataban el trabajador sabadellense, ostentando el emblema de su generosidad. Yo por mi y en nombre de lo que yo represento no olvidaré su actitud en este día, pero tampoco olvidaré fácilmente aquellos separatistas, aquellas sociedades que me han negado toda cooperación y aquellas que han probado que por debajo de su fin social corre el virus separatistas. Sociedades que procuraré clausurar y disolver; no he de olvidar aquellos comerciantes que tan diferentes son en Sabadell y al correr con sus muestrarios la amada Patria que les da vida y a la que aborrecen, negando su concurso a los hijos caídos por un plomo que ha juntado en el combate a una sangre hermoso vertida para todos, con fibras del paño tan interesado y antipatrióticamente tejido.

Y acabo remitiendo las gracias en nombre de los mutilados a los que les han ayudado y en nombre de los mismos lanzando vituperación a los que no lo han querido hacer.

El Delegado Gubernativo. — Fernando de la Torre.

CONVERSAS FILOLÓXICAS

Algunhas veces teño recibido cartas consultándome sobre diversas particularidades da nosa fala, e estiven tentado á facer n' este boletín unha sección adicada á estas cuestiós.

Hoxe decídome en vista d' outra carta na que se me pregunta a miña opinión en col da ortografía usada nun folleto recentemente publicado. Decídome á lle responder ao meu consultante nas columnas de *A Nosa Terra* porque quizais o que teño que lle dicir poida interesar á algún mais.

Non atopo ben a ortografía empregada no folleto que se me cita (non digo o título porque non vexo a necesidad). Deixo á un canto as formas «Che habian», Che dijo», etc., que son castelanismos xa que en galego dise «tíñanlle» (empregase edoito o verbo ter e non haber) e «dixolle», para me ocupar sómente do uso e abuso da j como feito de mais bulto.

Eu non atopo mal o emprego da ortografía etimolóxica, poida que tampouco me opuxera a usar o son ñ, ll, coa forma portuguesa nh, lh, se todos nos puxéramos d' acordo para esto, inda que atopo mellor o uso mais xeneralizado do ñ ll.

Mais o que non atopo ben, co que non podo estar conforme en maneira algúnhā é co' esa fachendosa torpeza d' alguns escritores que por querer ser mais que os demás; por pretender demostrar a sua *superioridade* sobre cantos usamos esta forma gráfica tan xeneralizada e tan sinxela, pretenden *epatarnos* escribindo d' un xeito que non é galego nin portugués, senón unha cousa estrana á uns e outros que á todos ten que resultar antipática.

EXEMPROS:

DISE NO FOLLETO	ESCRIBIMOS NÓS	EN PORTUGUÉS
Baijar	baixar	baixar
Viaje	viaxe	viage
Dijeran	dixeran	disseram
Pajaro	paxaro	passaro
Troujo	trouxo	trouxe
Ajinha	axiña	asinha
Tenhen	teñen	têm
Jente	xente	gente

Etcétera, etc., ect.

Para usar a verdadeira forma etimolóxica non abonda o capricho, senón que é preciso saber que baixo ven da voz antiga *bas bats* que quer decir pouco profundo, e naturalmente, inda que os castelás lle poñan un j nós os galegos non temos pra qué meterlla, paxaro ven de *paksha* en sanserito; xente ven do latin *gente* de *gens*, familia, pobo, etc. Non tendo, como non temos un bon dicionario que poida nos servir de guía, pra nos evitare a necesidade de nos meter en profundos estudos, recomendamos xa no noso «Compendio de Gramática Galega» o uso do x en todolos casos que haxa este son, cousa que por outra parte veñen facendo os mais dos escritores galegos.

No tocante ao nh, preferimos o ñ por ser sínō mais xeneralmente usado e conocido en Galicia. Con esto ademais non temos precisión de usar falsamente vocablos como *uma*, que se non usa na nosa Terra, para evitar o que unha (un-a) artículo indeterminado femenino, se leera uña

L. C.

ALBORADA

*Rompe o día feiticeiro
e o ventiño brincaleiro
funga xa no piñeral,*

*Os cantores
Reiseñores
cantan todos polo val.*

*As fontiñas e regueiros
marmulando mainos van
non hai néboa nos oufeiros
nin nas corgas, nin no chan.*

*Xa o orballo centilea
nas follíñas da herba mol.
¡Ou, rapaces d' esta aldea!
vinde á ver nacel-o sol.*

*¡Ou rapaces vinde logo!
que xa nace como fogo,
que xa brila e alumea
con moi viva craridá...
¡Ou rapaces d' esta aldea!
vinde-o ver que naceu xa.*

*Cantemos, cantemos todos
cántigas da nosa Terra:
o sol da nosa Galicia
moita fartura alumea.*

*Xa dá o sol na frondente ladeira
onde están os pomares en fro.
¡Ai! o sol da feliz primadeira
¡qué, prácido sol!
O sol da nosa aldea
bendito sea;
que cobre os ceos d' azul color
yenche corgas e vales e montes
e regueiros e regos e fontes
de venturas, de vida e amor.*

+ MANUEL LAGO GONZÁLEZ

A "Reunión de Artesanos" e os Poetas galegos

Esta veterana sociedad cruñesa organizóu unha serie de veladas nas que os melhores poetas galegos darán lectura ás suas poesías, contribuindo así á maior gloria dos nosos escritores e da Literatura rexional.

O domingo 8 de Marzo ocupou a tribuna a poetisa compostelá Herminia Fariña. Despois d' unhas verbas de saúdo e presentación, ditas en galego, como compría, pol-o Bibliotecario do Circo Sr. Villar Ponte, a Sra. Fariña deu lectura a duas fermosas poesías escritas na fala da Terra; despois leu algunos versos mais en castelán, causando en xeneral estraneza aquel incomprensible cambio, en desacordo coas verbas de loubanza que lle adicara o Sr. Villar, en desacordo co espírito da velada, en desacordo tamén co que agardábamos d' ela.

Nós coidabamos ver en Herminia Fariña un bon poeta galego, e atopámonos c' unha vulgar poetisa castelán. ¡E unha penal!

Pubricamos, para conocemento dos nosos letores, unha poesía galega (verdade que é lástima que non siga tan fermoso vieiro encomenzado?)

Créanos a Sra. Fariña: a Santa Rosalía non se venera en Galicia polos seus versos castelás senón pola enorme poesía e sentimento dos seus escritos galegos.

O RETORNO DO GANDO

*Chuvisca... chuvisca...
Hai un delor en cada cousa,
fina un cantar de muller;
no río afóbase unha estre la:
¡Hei, vaca, hei!*

*Chuvisca... chuvisca...
Pechou as ventans o hourizonte,
n' alcontro á ninguén;
as figueiras marcan a sua contorsión:
¡Hei, vaca, hei!*

*Chuvisca... chuvisca...
Levo un pantasma nos ollos
que me non deixa ver;
zoa unha campá a defunto:
¡Hei, vaca, hei!*

HERMINIA FARIÑA

¡AGARRADEVOS!

O cursi de Gerardo Doval comparou a Pérez Lugín nada menos que con Pérez Galdós. ¡E o colmo das comparacions!

En Doval non nos extranan estas xenialidades ás que é tan afeizado.

Ainda lembramos cando dixo falando de Concepción Arenal que tiña que ser unha Santa por que o seu pai chamábase Angel.

¡Haivos cada galego na cortel!

* * *

Se continuamos así, dentro de pouco non haberá coruñés que non fose concellal.

O ESTATUTO PROVINCIAL

Xá saben os nosos leitores que acaba de ser promulgado despois do anuncio que d' el lévase feito. Renunciamos xenerosa e olímpicamente a comentalo por diversas razós que a ninguén se lle ocultan. Non sabemos si é bon ou malo, si nos favorece ou non nos favorece.

Sómente atopamos n' él tres cousas que non queremos facer mais que indicá-las. Son éstas:

O non reconocimento da rexión.

O reconocimento e afirmación da provincia tal como existe na actualidade.

A desaparición da Mancomunidade de Cataluña.

Son éstas tres custiós nas que diferentes veces temos exposto o noso criterio e non imos a facelo novamente, pois expoñémonos a pecar de pesados.

Agora ben; se se pensa que así ouréntase a Hespaña pol-o vieiro do progreso, nós entusiasmados co novo Estatuto que nos proporciona tan boa millora é... encantados da vida.

AIRES DE FORA

Hasta nós chegan purificando o ambiente e saturándoo d' un sano e salubre outimismo algunas novas que teñen escenario máis aló do retabro guñolesco en que nos movemos como actores sin propia vontade.

Son os xornás, los xornás hespániores de hoxe tan eloquentes e sinceiros! os que escuetamente, telegráficamente nos falan dos aires que por ahí corren.

E nos din como en Francia esta encol do tapete unha custión de tanta transcendencia como a custión relixiosa. Certamente que n' algúns países este asunto pasou á historia mais ficam ainda moitos en Europa nos que continua o problema con caracteres de sangrante actualidade e, o que é peor, en algúns sen sinais de pronta resolución.

En Francia, Herriot que está ao frente do goberno por prebiscito nacional, é o encarregado de lle dar solución e conta para elo co' a casi unánime vontade do país, sen a que se non afrevería a se arriscar pol-o camiño emprendido. ¡Grandioso e admirabre exemplo de democracia! Certamente que así débese gobernar e esa é a verdadeira maneira de o facer, contando sempre co' a vontade do pobo. Mais non é extraño que a min, que non son francés, ademireme este feito, dos que non teño outras mostras e referencias que as telegráficas que nos dan os xornas.

En Chile os militares asaltan o poder e desterran o presidente Alessandri. A cabo de menos d' un ano reconocen o erro e chámalo novamente sendo acramado pol-o pobo e reintegrado ao seu posto continuando os que o expulsaron a sa verdadeira misión de militares da que se arredaron circunstancialmente. No seu descargo hai que foron ao feito con verdadeira convicción patriótica e que a tempo reconoce ron o erro, que confesaron honradamente.

En casi todos os países estanse verificando eleccións e a vontade nacional manifestase marcadamente esquerdista e democrática ourentando os seus Estados pol-o camiño que sinalou a pasada Guerra europea.

En Irlanda, Egipto, India e outros pobos sometidos a dominacións alleas continuan as loitas pol-a emancipación

total das propias nacionalidades. Recrudécese o eterno problema da libertade dos pobos con caracteres propios. O problema nacionalista que se non resolve con decretos de represión.

Moitos mais ventos d' esta crás corren por ahí adiante. Sómente tomando por orixen os indicados e facendo comparacions e divagacions encol d' eles poderíamos encher un libro. Mais non pretendo eu arriscarme en tan elevada empresa. Abonda co dito que abonda tamén para, ainda que sexa así superficialmente, encher unhas cuartillas falando de algo n' éstes tempos de limitados e inabordables temas.

VICTOR CASAS

FESTAS GALEGAS

Cántigas e Agarimos

O domingo 15 do pasado, celebrouse no Teatro Rosalía Castro, da Cruña, unha función galega organizada polo coro de Santiago «Cántigas e Agarimos».

As ruadas, pandeiradas, e alalás interpretados polo coro na primeira parte foron moi agradidos así como «O Bico», «Negra Sombra» de Montes, e «O Quer que lle quer» de Farto. quen foron moi ben interpretados.

Despois subiu a escena a zarzuela nun acto e dous cadrós «A lenda de Monte Longo» orixinal dos Sres. M. Rey Pose e J. Buhigas, con música do Sr. Del Río, mestre Direitor da agrupación.

A música, moi ben orquestada, composta á base de cántigas populares e inspirada na propia arte da Terra gustou moito e mereceu grandes gabanzas e sinceiros e ruidentes aplausos.

O libro non está ao nivel da música, e se ben ten algúns escenas ben trazadas, outras fanse algo pesadas, de pouco interés, e ainda sóbralle algún chiste que non debe se dicir en publico ante xente culta. E non queremos co' esto desanimar aos noveles autores; pol-a contra, o que pretendemos é aconsellalos noblemente, sinceiramente, para que ao facer unha nova obra a estuden un pouquín mais, para lle dar maior interés, para a facer más culta, más artística co que irán ganando eles e más o arte galego.

A interpretación bastante acetabre sobresaíndo o señor Pita no papel de Tío Selmo; discretas as Srtas. San Martín e Salgado nos seus respectivos papés de Marica e Tía Folera.

O segundo cadro resulta de maior efecto que o primeiro, de maior vistosidade, e neso deben reparar os autores para mellorar obras sucesivas.

Vemos que os coros galegos vanse decatando de cal é a sua verdadeira labor, e eso enchenos de ledicia.

Aos aplausos recibidos no Teatro unimos o noso moi expresivo, sobre todo para o Director da agrupación señor Del Río, de quen agardamos novas páginas musicais de gran valemento.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIVM DAS IRMANDADES DA FALA

A REXENERACIÓN DE ESPAÑA

"Informaciones" o Direitor de Sanidad e a Cruña

O Diario madrileño *Informaciones* pubricou hai poucos días un extenso artigo co seguinte título:

O Direitor de Sanidad explica a un redactor de "Informaciones" sus propósitos regeneradores y los móviles de su viaje a Coruña

Chamounos naturalmente a atención e lemos ¡Santo Deus! O que lemos, deixounos pampos. Entre unha chea de verbas *rimbombantes*, de frases de relumbrón, para a galería, das consabidas medidas de rexeneración, etc., etc., atopamos este párrafo:

—¿Quiere usted decirnos el verdadero objeto de su viaje a la Coruña?

—Voy con varios objetos, uno de los cuales es favorecer y secundar la acción sanitaria del gobernador, don Rafael Barón, cuya actuación es digna del mayor elogio. Ha tenido ya iniciativas sobresalientes, como la organización de la lucha antiavaroscá, que en la Coruña se hallaba estacionada y retrotraída a los mismos términos que en la Edad Media. Ni en profilaxis ni en caridad había diferencia entre lo que ahora se viene haciendo en la Coruña y lo que se hacía en siglos medievales.

¡Vaites que me gustas ben! Conque na Cruña estamos en profilaxis e más en caridade coma na Edade Media... ¡Que ben nos conocedes ou que ben nos queredes!

O mais gracioso é que despois de tales declaraciós, o Sr. Direitor de Sanidad limitouse a banquetejar do lindo durante a sua estancia na Cruña.

Non sabemos pois o que poderá dicir da situación profiláctica da Cruña ao chegar de volta á Madrid; mais de como andamos por aquí de caridade, supoñemos que non terá queixa.

Por mais que aínda marchando cheo coma un cocho é posibre que siga «dispreciándonos». E poida que teña razón; ofrecerlle banquetes á quien merecía... outra cousa, non é de xentes que se estimen.

O HOMENAXE AOS MORTOS

Celebrouse o domingo 8, asistindo representaciós do Concello, Reunión de Artesanos, Instituto de Estudios Gallegos, «Cántigas da Terra», «Saudade» e alguns centros docentes. Da Irmandade concurriu unha nutritísima representación con varios nenos das Escolas Rosalía de Castro que portaban os ramos de frores que a Irmandade ofrendou aos ilustres mortos.

Falaron no acto os Sres. Estrada Catoira pol-o «Circo», Casás pol-o Instituto de Estudios Galegos e pola Irmandade o irman Carré que deu leitura ás seguintes cuartillas.

«Hoxe vimos á este santo lugar onde repousan tantos seres queridos e venerados, como todolos anos, para rendir un homenaxe, para depositar nas suas campas unhas froles de lembranza, que a sua labor espiritual merez de todo bon galego.

Os nomes groriosos de Curros, Pondal, Chané, Adalid, Murguía, Martínez Salazar e Tettamancy, non poden ser esquenados. Toda a obra d'estes mortos venerados que

hoxe relembramos foi mais que nada obra espiritual, de afirmación galega, de esaltación da persoalidade da Terra onde naceron e que amaron tanto.

Fala dos meus abós... ti non podes morrer — dixo Curros — proclaimándose apostol da santa causa se por te anunciar me apedrearen jinda ao morrer te mentarán meus beizos!

E coma Curros, tamén Pondal cantou á propia fala; e Murguía escribiu a Historia de Galicia e Chané e Adalid, levaron ao pentágramo os páxinas musicaes do seu pobo.

E' pois este homenaxe de hoxe un homenaxe de agradecemento, de veneración e lembranza a historiadores, músicos e poetas, non por seren as suas obras eminentemente galegas; por daren todo o seu amor e todo o seu talento á sua Terra que foi grorificada por eles, e agora grorificaos coa admiración e cariño de que son merecences, amando e venerando os seus nomes como ama as suas obras.

Por seren tan galegos estes chorados mortos á cias campas vimos hoxe depositar o tributo d'unhas roseiras, coidamos que nada mellor para os honrar que, ao falar d'eles, facelo nesta fala que tanto amaron, que foi a usada por eles nos seus escritos, nas suas composiciós, no mesmo agarimo do seu fogar coas persoas mais queridas.

A *Irmandade da Fala* que se creou á quentura do lume sagrado acendido por estes groriosos precursores, que fai do galegismo un culto, agradécevos que teñades asistido á este acto, e agradeceravos áinda mais que non esquenizades nunca os nomes de aqueles que como os poetas Curros e Pondal, os músicos Adalid e Chané, os historiadores Murguía, Martínez Salazar e Tettamancy, puxeron toda a sua intelixencia e todo o seu amor ao servizio da causa galega, e procuredes seguir as suas doutrinas.

Que, como dixo o inmortal Curros, dirixindose ao pobo galego:

Cando consultes Murguía
Paz, Pondal, Añón e Lamas,
E no bico,
As canciós de Rosalía
teñamos sempre, que tanto amas.
¡Serás rico!
Eses nomes tén virtude:
son estrelas de fagueiro
¡Son a Pátreal!

E a pátria sómente pol-o amor co traballo dos seus fillos pode ser grande..»

Igual que anos anteriores revisten o acto gran solemnidade asistindo a él moita xente.

A representación da Irmandade foi despois ao Cimenterio civil a deixar frores nas campas dos irmans inesquenidos Xurxo Parga e Ricardo Carballal.

A Irmandade espallou unha folla coas poesías «Crear as liras» de Curros, «A Fala» de Pondal e un anaco do discurso de Murguía nos Xogos Froraes de Tuy.

LEA VOSTE DE

A NOSA TERRA

IDEARIVM DAS IRMANDADES DA FALA

O QUE TODO GALEGO TEN QUE SABER

Xeografía, etnografía, historia, literatura, arte, cencia, socioloxía, direito, política, economía, agrarismo, Galicia e Hespáña, Galicia e Portugal, Galicia e Europa, Galicia e América, o porvir de Galicia.

PRIMEIRA PARTE

SÍNTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA

I CONFIGURACIÓN

1. Ollada xeneral.

Galicia é o que chaman unha *rexión natural* (1) perfeitamente delimitada e caraterizada, que na moderna xeografía leva o nome de *Macizo galaico*, situada ao NW da Península Ibérica, habitada por un pobo con caraute, costumes e língua de seu, pertencendo políticamente ó Estado hespáñol, e tendo moitas semellanzas co-a nación portuguesa. e en xeneral co-as terras atlánticas da Europa.

Os xeógrafos modernos —na Hespáña, Hernández Pacheco e Dantín Cereceda, e en Portugal Choffat— aseguran qué o Macizo galaico caraterizase pol-a sua situación xeográfica, pol-a unidade do releve, pol-o clima tépedo e de moita chuvia pol-o ano adiante, pol-a vexetación vizosa e os moitos lameiros, pol-a abastanza do gando e pol-a superpoboación, coma tamén pol-a arquitectura granítica, as liñas dondas e a tonalidade verdecente da paisaxe.

E un macizo arcaico, de montañas entrambilicadas e de pouca outura, nas que ven traballando a erosión dende tempó moi recuado, adiantado e metido no mar atlántico de litoral recordado en rías e portos naturás, terra de labregos e de mariñeiro.

2. Situación.

A) *Coordenadas xeográficas*. — Galicia áchase comprendida antré as latitudes boreás: 51° 48' 57" (Aldea de Feces d'Abaixo, no val do Támega), e 43° 27' 25" (Punta da Estaca de Bares), e antre os 6° 46' 39" (Pico de Miravalles) e os 9° 18' 19" (Cabo Touriñán), de lonxitude W do meridián de Greenwich.

Achase pol-o medio da zona temprada do N. no extremo NW da Península Ibérica, e na costa do Atlántico, no paso do *Gulf - Stream*, que lle dá quentor e humedad.

B) *Situa ión relativa*. — As terras da Europa mais adiantadas no Atlántico son Irlanda e Galicia, o cual fai-nas doadas pra que n-elas fagan pouxa os barcos que da Europa van prá América e África occidental.

Mais a posición continental e mais meridional de Galicia, dá valor meirande áos seus portos naturás —que teen as millores condicíos, e si non veen mais barcos a iles, é por mor de circunstancias que diranse ao tratarmos da parte económica— os cuales poideran ser cabeza de liñas de navegación. (2) O litoral galego ten dous frentes:

(1) Empregamos a verba *rexión* coma término mais xeral. O conceito de *rexión natural* en xeografía, ainda non está ben definido: apricanlo a grandes conxuntos, como Galicia mesma, e a entidade mais pequena, com' a Limia, as Mariñas. Nós temos pra esta deradeira moitas verbas: *terra* e *bisbarra* son as mais empregadas.

(2) O cual sería mais doado si fixeran un camiño de ferro de Vigo á fronteira francesa, camiño de ferro de moito mais porvir prá Galicia que non o d' Ourense a Zamora.

o frente cantábrico, que dá aos países do N. d' Europa, e o frente atlántico, que dá cara América.

Logo, as comunicacíos da Hespáña con Portugal, é por Galicia por onde son mais doadas — pol-o val do Miño, pol-o da Limia e mais pol-o do Támega— e di o ilustre escritor José de Figueiredo que, no resto da fronteira, sómentes por Elvas ten Portugal comunicación natural co-a Hespáña.

A situación de Galicia fai d' ela a terra mais europea da Península.

3. Figura.

A figura da terra galega ven ser a d' un pentágono, que ten os vértices en Ribadeo, na Estaca de Bares, no Cabo Finisterre, na Punta de Santa Tecla e no Penedo ou Fonte dos Tres Reinos. Iste vértices determinan cinco liñas: tres de costa e duas de fronteira.

Tamén a Península tiene a figura d' un pentágono co-a punta pra baixo, e Galiza é un pentágono co-a punta prariba.

4. Supreficie.

Ten Galicia unha supreficie de 29.153,39 kilómetros cadrados. E a cada kilómetro cadrado tócanlle uns 73 habitadores, cando a densidade meia da Hespáña é de 39 e medio. A relación da sua extensión co-a total da Hespáña é de 1/17.

Galicia ocupa o 6.º lugar pol-a sua extensión, antreas rexións tradicionás da Hespáña, sendo a sua meirande qué a das outras duas rexións con arelas autonómicas, Cataluña e Vasconia; e ten mais terra qué algúns Estados europeos, como Albania, e por ahí se vai con Bélxica. Para que se vexa ben, dámolos seguintes cadros:

AS REXIÓN DA HESPAÑA EN COMPARANZA CO-A NOSA TERRA

REXIÓS	KMS. CADS.
Andalucía.....	87.571
Castela a Nova.....	72.160
Reino de León.....	54.505
Castela a Vella.....	49.724
Aragón.....	47.391
Galicia.....	29.153
Cataluña.....	27.985
Murcia.....	26.400
Valencia.....	22.876
Vasconia e Navarra.....	17.601
Asturias.....	10.895
Canarias.....	7.273
Baleares.....	5.014

ALGÚS PAISES D' EUROPA EN COMPARANZA
CO-A NOSA TERRA

	KMS. CADS.
Albania	28.500
Galicia	29.153
Bélgica	29.451
Holanda	32.724
Suiza	41.297
Dinamarca	42.919
Estonia	59.868
Letonia	64.625
Irlanda	84.259
Portugal	91.741

5. Contorne.

A) *Litoral*.— Galicia ten 453 kilómetros de costa; tres lados do pentágono que consideramos, son de litoral. N-iste litoral podemos considerar tres segmentos, que corresponden aos tres lados do pentágono:

N.: Costa Cantábrica, dende Ribadeo á Estaca de Bares.

NW.: Costa que poidéramos chamar das rias altas, dende a Estaca de Bares ao Cabo Finisterre.

W.: Costas das Rías Baixas, dendé o Cabo Finisterre á Punta de Santa Tecla ou boca do Miño.

1.º *Costa Cantábrica*.— E lisa, outa e pecha, con poucos accidentes, moi traballada da erosión que a vai desfacendo e meténdoа na terra. E de moita pendente, e o mar é moi fondo.

Os principais accidentes son: a ría de Ribadeo, co-a illa Pancha, seguindo a costa en dirección E. a W. até a ría de Foz, presentando no traieuto a Punta da Corbeira, as illas Portelas, e o Promontoiro. Ven logo a ría de Foz, moito menos fonda que a de Ribadeo, e co-a Punta dos Cairós ao N. A. a costa toma rumo ao NW., e ten o cabo Burela co-as illas, as Puntas de Xan Mariño e Sômonte, a illa San Ciprián e as dos Farallons, o cabo Morás, as illas d'Auzarón, as puntas Roncadoiras, Sainas Montefaro. A ría de Viveiro, onde verte o río Landrove, é mais fonda, e ten ondé a entrada a illa Coelleira, e do outro lado, está a riá de Bares e o Barqueiro, domiñada pol-a Estaca de Bares.

2.º *Costa Noroeste*.— Principa na Estaca de Bares, que domiña a entrada da ría de Santa Marta d'Ortigueira, fonda e recortada, co-as illas Pedras Meás, Gabeira e Marbeira, e á sainte, o cabo e illas dos Aguillóns, e logo o Cabo Ortegal. A costa toma ó SW., e ten os cabos do Cuadro e Candelaria, e despoxos a ría de Cedeira, as puntas Chirlateira e da Frouseira, antré as que está o areal e lagos da Frouseira, a costa de Campelo, as illas Castrellos, cabo Prior, punta e illas Gabeiras e cabo Prioriño, por onde se entra no golfo da Cruña, que comprende as rias de Ferrol, Ares, Betanzos e a Cruña e a punta d'Orzán e illotes de San Pedro. Ven logo as puntas Langosteira, Gayon e o Razo, o cabo San Adrián e as illas Sisargas. A costa faixe mais costada, e presenta as puntas Nariga e do Roncudo, a ría de Laxe, os cabos Tosto e Vilán, a ría de Camariñas e as penínsulas de Muxía e Punta do Buitre, o cabo Touriñán, e logo baixa cará o S. a península do cabo Finisterre.

3.º *Costa das Rías Baixas*.— Comprende a ría de Corcubión e as catro grandes rías de Muros e Noya, Arousa, Marín e Pontevedra e Vigo. Antre a ría de Corcubión e a

de Noya, hai os cabos Caldebarcos, Miñarzo e Queixal. Antré a de Noya e a d' Arousa, a Península de Barbanza, na qué adiantan as puntas do Castro, Roncadoiras, Carexiñas e Espiñeira, e os cabos Corrubedo e Falcoiro. A ría d' Arousa ten as illas de Sálvora, a Toxa, Arousa e Cortegada. Antre esta ría e a de Marín, está a Península do Grove e á entrada ría, están as illas d' Ons e Oncela, e dentre, a de Tambo. Antré a ría de Marín e a de Vigo, está a Península do Morrazo, cos cabos Udra, Osas e Subrido; as illas Cies érguese á entrada da ría de Vigo, e perto do fondo a de San Simón. Ven logo o porto de Bayona e o cabo Silleiro, e dendé ali, a costa vai lisa de N. a S., até a punta de Santa Tecla, imitante á costa portuguesa d' alén Miño.

Estas rías foron postas en comparanza moitas veces, con mais ou menos propiedade, cos *firths* escoceses e e mais cos *fjords* noruegues.

B) *Fronteiras*.— Pol-o lado E. do pentágono, Galicia linda con Asturias e León; pol-o lado S., con Portugal.

Lindeiro con Asturias. — Vai dendé a foz do Eo ao Pico de Miravalles. Remonta o río Eo ate perto da Capela d' Atol, colle despoxos ó W., arredándose do río, e logo ó S. pra segui-lo de novo despoxos de Caralhío, ate o regueiro do Cairo, pol-o que vai deic' a venta d' Espasande, colle ó E., de Conforto, Logares, Trapa e Allonca car' a Pedras Apañadas, por outras de mais de mil metros, por antré o hospital de Cuiña e o lugar d' Acebo, e pol-o N. de Brañola e Porto; e E., de Boello, Escunlar e pico de Busbeirón (1.283 metros), collendo desde Pedras Apañadas un anaco do val e do curso do Navia, deicá o río Ibias, que atravesa perto do de Calabreiro, e despoxos pasa tamén o Navia, e toma ó S. a pasar os Suarna, perto da confluencia con aquél; sigue un pouco o Navia, déixao ao E., de Coeya e volve por Sinuda e Abrente a collelo e segui-lo, mais ao N. de Riveira, arrédate d'él e marcha por Trabado, pol-o S. de Ferreiro e o N. de Campo d' Guleo e de Surcio, aos portos de Pena Marela e Ancares, seguindo o cordal de Peliceira ate o Pico de Miravalles.

Lindeiro con León.— Dendé o pico de Miravalles, vai pol-a serra d' Ancares, Picos de Mustellar e Pena Rubia, serra d' Espancares, todas con outras de mais de mil metros e perto de Pedrafita do Cebreiro, atravesa a estrada de Madrí á Cruña. Despois vai pol-os montes do Cebreiro aos de Capelosa e Faro e vai cara ao S. por perto de Visuña e Orreos, á serre dos Cabalos, e pol-o pé de Montouto e Rebolo do Rosal, seguindo despoxos a serra da Enciña da Lastra ate pillar o río Sil. Dende ali ate a ponte de Domingo Flórez, vai pol-o río, mais pouco antes do pobo, deixa o río e vai ó SE., pol-a divisoria de augas do Caso e do Cobreiro ate Pena Trevinca, e d' ali pol-a serra Calva e do Porto, ó río Bibey, e baixa por él ate perto de Sober, ondé o deixa e vai cará ao S. ó W de Pias de Vilanova, á Portela da Canda, e d' ali sigue cará ao S. por antre Castromil de Galicia e Castromil de Castela, aos montes de Manzalvos e Fonte dos Tres Reinos.

Lindeiro con Portugal.— Ten duas partes: a Raya Seca, dende a Fonte ou Penedo dos Reinos ate Creciente, e o río Miño, dende Creciente á foz do río. En total, 226 kilómetros.

Raya Seca.— Coma esta non é fronteira natural, ten moitas voltas e revoltas e encravamentos. Dende o Penedo dos Reinos vai cará ao SW., e despoxos cará ao W., ate atopa-o regueiro de Vilariño, afluente do río Diabredo, e sigo-o ate chegar á confluencia co de Chagazoso, e logo

torce para o N. e vai pol-o N. de Esculqueiro e logo pol-o N. de Piñeiro Novo e atravesa o Diabredo e sigue ate atopal-o Mente, baixando por iste rio abaixo deica frente a Vilaseco de Lomba, e vai despois facendo eses ate o coto de Vilarello e dé alí por riba de Lama de Arcos ao río Feces, que sigue ate onde se xunta co Támega, onde a Feces de Abaixo. Rube ao N. pol-a veira do Támega ate o marco da Cacheira, e toma polo-os pobos promiscuos (Cambedo, Souteliño da Raia) deicá o río Azureira, e vai por il un treito, e logo pol-o regueiro de Rega, por antre a Gironda e Santro André, pol-o regato do Inferno, atravesa a serra de Larouco e vai pol-os montes de Arandela e San Martín de Perós e despois pol-a serra da Pena facendo logo un dente cara ao N. pra coller dentro de Portugal a Torey e un anaquillo do curso do Salas, e rube á serra de Gralleiras e Penas Libres, ao Pico de Fonfría, altos de Amoereira e serra de Xurés, onde está a Portela do Homen, e pol-os montes de Santa Eufemia, torcendo cara ao N. até o río Limia, que colle perto de Lindoso, e vai por il e despois pol-o Olellas ou Barcia deicá a Meixoeira, dé donde rube á Pena de Anamán e serra de Laboreiro e Penagache, e baixa ao Porto dos Cabaleiros, ondé colle o río Barxas ou Troncoso e por il vai deicá ao Miño.

O Miño.— Sirve de lindeiro dendé a confluencia co Barxas ate que chega ao mar.

Os lindeiros lingüísticos e etnográficos de Galicia van nalgúns lados un pouco por afora dos políticos: pol-a parte de Asturias chegan ao río Navia, e pol-o de León collen o Bierzo, que é parte do val superior do río Sil. Con Portugal, o arredamento é puramente convencional e político.

(Seguirá no número que vén)

DUAS DIMISIÓS

Os nosos irmáns Vicente Risco e Antón Lousada Diéguez dimitiron os cárregos de diputados provinciais que dende a vida do Direitorio ocupaban nas diputaciós de Ourense e Pontevedra.

Motivaron éstas dimisiós a non conformidade co espírito do novo Estatuto provincial que os incapacita para actuar en favor da idea que os levou ás Diputaciós. A creación da Mancomunidade galega.

Felicitamos aos irmáns Risco e Lousada que supoñemos que a éstas horas estarán gozando de satisfaición que dá o deber cumplido.

DE RE FINANCIERA

Fálase con grande insistencia d' unha suspensión de pagos inminente, provocada pol-a insolvencia reconocida de certa entidade contra quen foi librado un efecto xa vencido fai bastantes meses.

Pol-o visto, os tenedores, cansos de conceder prórrogas e de aceptar garantías renovadas, propóñense, presentar o xiro o seu vencimiento e facel-o executivo mediante os necesarios protestos si o non pagasen ó vencimento, cousa pouco probable.

Facémonos eco de este rumor, n' oustante ser de índole diversa do que constituye o ouxeto inmediato da nosa labor, constante por tratarse de un acontecemento financiero de moitísima trascendencia. E, ademais, non nos resignamos a renunciar ó prurito periodístico de ser os primeiros en anuncialo.

A INSTITUCIÓN MURGUÍA - ROSALÍA

Recordarán nosos leitores que a raiz da morte do noso patriarca, alguén lanzou a admirable idea de crear un premio anual para o millor traballo publicado en galego. Un premio que levará o nome de subrime parella que formaron a Santa Rosalía, e o venerable Murguía.

A idea atopou franca ocollida e na alcaldía da Cruña comenzáronse a recibir cantidades de suscripción por unha vez e de suscripción anual con ouxeto de arribar axiña á creación do premio. Era alcalde entón o actual presidente da Academia Gallega Sr. Ponte y Blanco.

Veu despois o troque de réxime e pol-a alcaldía pasaron dous ou tres señores que nada fixeron por continuar a obra que tan ben comenzara.

Na actualidade acupa a alcaldía D. Manuel Casás. Parécenos indicadísimo o voltarmos a falar novamente d' este asunto para ver se conquerimos que ao fin a cousa vaia adiante e poídase no ano actual poñer en práctica a afortunada e patriótica idea.

Constantemente en todal-as suas actuacions témoslle ouvido ao Sr. Casás manifestarse n' un senso galeguista, ao seu xeito que dende logo discrepa moito do noso galeguismo, e parécenos que se lle brinda agora unha manifica ocasión para demostrar o seu cariño pol-as cousas galegas.

Tratándose do que se trata, algo exclusivamente cultural e de honra para aqueles dous queridos mortos, temos a seguranza de que o Sr. Casás tomará a cousa con fodo cariño, e coidamos que con un pouco de vontade que n' elo poña lle non será difícil conquerir darré cima á idea que por ningún conceito meresce o esquecemento a que durante mais d' un ano estivo condenada.

Non decimos mais. O Sr. Casás ten a palabra e agardamos non caerán no valeiro estas nosas indicaciós.

A REAL ACADEMIA GALLEGA

RECEICIÓN D' UN NOVO ACADÉMICO

O artigo 1º dos Estatutos da Real Academia Gallega, di que o ouxeto d' esta é «cultivar las Bellas Letras en general, y principalmente, aquellos estudios que más puedan contribuir al conocimiento de la Historia, Antigüedades, Literatura y Lengua de Galicia».

Agora ben, o día 28 celebrouse o acto solemne de recepción do novo académico de número D. David Fernández Diéguez, que leu un discurso encol do tema «**Las ciencias en la Apologética científica contemporánea**».

¿A qué comentarios?

Cada un pode facer os que queira.

Nós probamos sómente, con consinar o artigo dos Estatutos e mais o tema do discurso, que o Sr. Fernández Diéguez non é o mais indicado para figurar na Academia Gallega.

Como tampoco moitos dos que figuran nela.

¿Que é ganas de desprestixiar á Academia?

Non, É verdadeiro amor á Galicia.

Nos non gusta que as Institucións da nosa Terra sirvan de mofa e fagan o ridículo pol-o mundo fora.

DA VELLA ROSEIRA

*Cando queiras pecho o tráto:
por cada bico dos teus
eu devolvereiche catro*

—
*Non me atruxes na fontenla
cando pases por ali,
que anque canto galanciño,
non che canto para ti.*

—
*Teño unha alegria tola:
Acaban de me decir
que se casa miña sogra*

—
*A flor que mais arrescende
témol-a carón da porta;
a de fora n' é millor,
non froques unha por outra.*

—
*Levo unha copla nos beizos,
no corazón levo a espranza,
e a ti lévole, morena,
aniñadiña na alma*

—
*Se ten a terra vieiros
mais vieiros ten o mar;
desque nacín que te busco
e te non puedo atopar.*

—
*Xuro pol-a miña almiña
quererte como a ninguén.
xuro xurarlle ás demais
o que hoxe a ti che xurei:*

*Ese amor tráete ceguiña,
ceguiña como unha toupa;
ti decote detrás d' él
e él decote detrás d' outra.*

—
*Soliños na nosa barca.
as nosas ansias por remos,
de timón as nosas almas.*

—
*Pra min a vida era o inferno,
e xa cansa de sofrir
caseime e..., vivo no ceo*

—
*Dos ollos ao corazón
que camiño tan doado!
Traballiños que eu pasei
e no puiden ver andado.*

—
*Non teñas medo, meu ben,
que anque te vin d' aquel xeito
n' hei decir nada a ninguén*

—
*N' hai cántigas como as nosas
nen fala como a galega
non hai terra como a miña
niu baile como a muiñeira.*

—
*O galego que non fala
na lengoa da sua terra,
nin sabe o que ten de seu
nin é merescente d' ela.*

VICTORIANO TAIBO.

Mocedade Cultural Galega

Por atenta comunicación dos señores Manuel Beiras e Urbano Losada en nome do Consello direitivo, enterámonos da constitución en Santiago d' esta nova agrupación galeguista organizada entre os estudantes da Universidade. Nos din que veñen dispostos a loitar con todo entusiasmo pol-o rexurdimento integral de Galicia cobizando para o millor éxito d' esta nobre empresa a unión de todolos organismos afins.

Con fondísima ledicia recibimos nos nosos brazos a estos novos irmans no Sagro Ideal da Terra e non percisamos decir con canto amor e desexo nos ofrecemos a eles de todo corazón para os axudar e compartir con eles a Santa Cruzada do rexurdir galego.

Alédanos infinito ollar como a mocedade galega vaise incorporando ao moimento galeguista dando novos azós aos que xá somos vellos n' éste patriótico labor e facéndonos concebir grandes espranzas no seu desenrollo deica o fin arelado.

A Mocedade Cultural Galega ten á sua disposición as páxinas de *A Nosa Terra* e ao mesmo tempo que facemos este ofrecemento saudámolos cordialmente con un *Saudade e Terra!* que resume as nosas comúas aspiraciós.

HOMES DE LETRAS

O CENTENARIO DE CAMILO

Celebra agora o país irmán, o pobo que tanta semeillanza ten cô noso pol-a sua ideoloxía, pol-a fala e pol-a saudade, outra efemérides groriosa: o centenario do grande escritor Camilo Castelo Branco.

Non é pois nn homenaxe feito á un guerreiro, nin á un político; é a grorificación d' un home de letras, d' un novelista que a pobo ama e admira.

Camilo, como se lle chama en Portugal, é o novelista portugués que mais temos lido; a sua obra, que é un enorme e profundo estudo de almas, de almas femeninas sobre todo, cuias dôres e agunias de amor trazou maxistralmente, ten tanta emoción, tal intensidade, que deixa en nós unha profunda e saudosa lembranza.

A parte a grande importancia dos seus estudos históricos, a popularidade do insine literato foi nobre e xustamente gañado coas moitísimas novelas que o seu espírito delicado legóu á sua Terra; novelas onde as costumes do pobo quedaron recollidas con arte; onde os sentimentos das sinxelas raparigas, das xentes do campo de das vilas son estudiados e presentados maravillosamente; onde, en fin, latexa a vida do pobo portugués.

Camilo foi, pois, un escritor eminentemente portugués, e Portugal honra agora a groriosa memoria do mestre adicándolle un culto fervoroso de admiración e cariño.

Asi premia unha Patria a labor fecunda, escolleita e valiosa de quen tanto contribuíu á enriquecer o seu patrimonio literario.

Nós que tanta simpatía sentimos polos nosos irmáns de alem-Miño, non podemos deixar de nos sumar á ese homenaxe, con tanta mois razón, canto, particularmente, somos tamén fervorosos admiradores do grande mestre cuio primeiro centenario celébrase.

Homenaxes a Curros Enriquez

No Teatro Principal de Ourense celebrouse un grandioso acto en homenaxe ao gran poeta galego Curros Enriquez organizado polos estudantes da Escola Normal.

Tomaron parte no acto os Sres. Vicente Risco, Otero Pedrayo, Lavandeira, Xavier Prado (Lameiro), e D. Marcelo Macías. Todolos oradores ensalzaron a gran figura do chorado Curros en discursos elocuentísimos que foron calurosamente aplaudidos polo enorme público que enchió o teatro. Vicente Risco deu leitura a unha inspirada poesía da gabada poetisa galega Doña Filomena Dato.

Recibíronse adhesións de toda Galicia e a Irmandade da Cruña enviou unha moi entusiasta.

Lamentamos que a falla de espacío nos impida publicar algúns anacos dos discursos pronunciados especialmente do noso irmán Vicente Risco que fixo un conciñzudo estudio en galego do ilustre poeta. A prensa de Galicia especialmente a de Vigo publicaron ampas reseñas do acto que revisteu unha gran solemnidade.

* * *

Tamén en Vigo o Concello municipal acompañado dos centros de cultura e sociedades de recreo foi a depositar frores no moimento que n' aquela cidade hai ergueito ao gran Curros.

O acto foi tamén moi solemne e concurriu o él o pobo vigués que este ano non deixou pasar desapercibido o aniversario da morte de Curros.

* * *

Moito nos aleda ver como outros pobos galegos imitando o exemplo do da Cruña prestanxe tamén a homenaxear no seu día o aniversario dos galegos que como Curros tanto honraron á nosa Galicia. Varias veces tenos falado, ainda no derradeiro número, de que os pobos de Galicia deben de celebrar anualmente estos homenaxes.

Comenzan éste ano a facelo Ourense e Vigo e confiamos en que para o ano que ven ao mesmo tempo que estos dous pobos continuarán celebrándoo, se sumarán outros chegando ao que tantas veces temos manifestado. Que unha vez ao ano Galicia enteira maniféstese patrióticamente realizando estos actos que tanto nos honran.

E non queremos rematar estas liñas sen rogarles ao Seminario de Estudios Galegos e á Mocedade Cultural Galega de Santiago fagan por non esquecer os aniversarios de Rosalía, Brañas e Porteiro e celebren tamén estos homenaxes que diu moito en favor da nosa cultura, da nosa manifestación como pobo vivo e do amor e lembranza que todo o pobo galego garda hacia aqueles galegos que tanto traballaron, glorificándoalos, pol-a Terra Nai.

**ESTE NÚMERO FOI
REVISADO POL-A
CENSURA MILITAR**

DA VELLA ROSEIRA

Victoriano Taibo

Noso querido irmán o notabre e admirado poeta acaba de publicar un tomío de cántigas que leva este nome.

Taibo é na actualidade un dos mais escollidos e millores poetas galegos. Toda a sua obra é d' unha delicadeza e galanura admirables. Bastantes son os poetas galegos actuás, mais ao noso xuicio quizais non pasen de catro os que realmente merescen aquel título, que non se conquire por uns versos más ou menos froridos nem como en moitos casos, por amistade con quenes poden botar ao voo o botafumeiro dos bombos interesados e casi nunca sentidos.

Taibo, sen éstas ventaxas, figura entre os catro que consideramos casi únicos. E figura polos seus méritos, pol-o seu verdadeiro valimento. Por ser un poeta no verdadeiro e ampro sensoda verba.

Hasta agora non leva publicado mais que dous libros. «Abrente» que a crítica acolleu co encomio que meresce e agora, «Da vella roseira». En revistas e xornás é onde mais divulgada está a obra poética de Taibo. *A Nosa Terra* tén publicado moitas das suas poesías.

«Da vella roseira» é unha colección de fermosos e orixinais cántigas ateigadas de beleza e pensamento á par que de sabor racial. N' este mesmo número publicamos algunhas escollidas ao azar que son unha mostra das que contén o libriño que acaba de sair.

«Da vella roseira» leva unha fermosísima portada orixinal do gran Camilo Díaz mais o ex-libris e unha caricatura de Taibo feitos por Cebreiro. Forma un tomío admirabreamente presentado e n' un tamaño moi axeitado e manexable que contribuie mais ainda a facer maiormente grata a sua leitura.

Cordialmente felicitamos ao irmán Taibo por este novo éxito conquerdido desexándolle moita venda do seu fermoso libro.

Este vénese na ademanistración de *A Nosa Terra* ao pequeno precio de dous reás:

BANCO PASTOR

Casa fundada en 1776

Capital suscripto Ptas. 17.000.000

Capital desembolsado „ 8.500.000

A Cruña, Vigo, Lugo, Orense, Ferrol, Vivero,

Sarria, Monforte

1.º de Enero

Imprenta MORET. Marina, 28 - A CRUÑA

Páxina 65

Liña 25 — Tan libres, com' os azores.

Pax. 67

Liña 3 — Aló no fondo.
" 4 — D' esquiva coval

Pax. 81

Liña 10 — Algo estantía quezás.

Pax. 89

Liña 6 — As notas caras prayas amigas.

Pax. 98

Liña 17 — Q' inda m' amagóa.
" 18 — Dentro o corazón!

Pax. 112

Liña 8 — Conserves o craro sello.

Pax. 115

Liña 15 — A grávida armadura.

Pax. 118

Liña 15 — E os ilustres hirmáns.

Pax. 125

Liña 16 — E mil salvages notas.

Pax. 135

Liña 3 — Ben' as vin de longe.

Pax. 157

Liña 5 — As doces e garridas vagabundas.
" 8 — E eu torno ao fórmigue.
" 14 — Do instrumento nos dourados desertos cornos.

Pax. 186

Liña 8 — Radioso e trunfante:

O Dicionario da Real Academia Gallega

Recibimos o caderno 24 do Dicionario Gallego - Castellano que publica a Real Academia Gallega.

Nas suas 16 páxinas veñen comprendidas dende *cadrágésimo* á *camiño*, unhas 400 verbas, algunhas d' elas justificadas co testimonio dos nosos poetas mais sonados ou trechos de documentos antigos.

Hastra o d' agora, como non podía ser d' outra maneira, é o mellor dicionario galego de cantos van publicados. É lástema pois que se non faga con algo mais de cuidado para evitar que, por exemplo, mentras se consina a palabra *calle* que é compretamente castelá, xa que en galego chámase *rua*, deixan en troque de figurar verbas tan galegas como *cagigao*, *caguenillo*, *calvelo*, *cambar*, *cambela*...

Inda reconociendo o traballo que supón unha publicación d' esta natureza, dá pena ver coa calma que van aparecendo estes cadernos. ¿Non habería modo señores académicos de bulir un pouquín mais á despachalos?

Despois de ter remitido a «Galicia» a cantidad recaudada para a lápida do moimento a Guimerá, entre góunos cinco pesetas o noso irmán Abelardo Fajardo para contribuir a honrar o ilustre patrício catalán.

Páxina 205

Liña 2 — Espanto do Oriente.

Pax. 207

Liña 11 — Señores, quen me matára.

Pax. 208

Liña 1 — E ali so m' abandonaran.
2 — Ca miña triste agonía.
" 5 — S' esa doce fror prendedes.

Pax. 214

Liña 8 — Nin son ladron, q' as leis justas
9 — Dos homes devide, e trague.
" 10 — Errante vida nocturna;

Amás das correizóns precedentes deixou Pondal outras que o *bon senso do leitor* percura taes os das páxinas 66 (pulacio por *palacio*), 67 (terrás por *tenras*), 85 (de Riobóo por *do Riobóo*) 183 (Non seus... por *Nos seus...*) etc.

Facemos pé na ideia de que si Pondal vivise faría isas correizóns. Fundámonos pra afiuzanos no dito en que temos visto un exemplar dos «Rumores» cas correizóns marxinæs que sairon dempois nas mesmas poesías publicadas nos «Queixumes».

Eiqui fina este traballo.

FERMIN BOUZA BREY

L A R

No presente mes reanudarase a publicación das novelas gelegas que quincenalmente viñan aparecendo con tanto éxito.

Así as que van publicadas como as que seguirán:

MARTES D' ANTRÓIDO

por Francisca Herrera Garrido
de quen escusamos falar como novelista

ANTON PIRULEIRO

por Xesús Fernández e González
que outivo varios premios en diversos certames
coas suas fermosas novelas, e outros interesantísimos
orixinales dos mellores escritores galegos,
fan que estas novelas

L A R

sexan lidas por todal-as persoas de bon gusto
e amantes da Terra

-(-) ADEMINISTRACIÓN: REAL 36 - 1.º -(-)
SUSCRICIÓN A SEIS NÚMEROS 1'60 PTAS.